



XUNTA DE GALICIA

AUGAS DE GALICIA

Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que mediante resolución da dirección de Augas de Galicia de data 1 de febreiro de 2023 e como resultado do expediente incoado para o efecto, outorgouse á Comunidade de Usuarios do Barrio de Lousada unha concesión de 8911,8 m³ anuais de auga procedente de tres mananciais situados no lugar de Lamestos, na parroquia de Galgao (San Martiño), no concello de Abadín (Lugo), con destino a uso doméstico e gandeiro.

Expte.: DH.A27.67560

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2023.- O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, José Ángel Someso Anguita.

R. 0900

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ACONDICIONAMENTO DA LU-710, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000 - 4+500

Termo municipal: BARALLA

Clave: LU/17/103.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 25 de abril de 2023

Lugo, 22 de marzo de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez

Expediente: 3106

Término municipal de:	BARALLA
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-17-103-10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
68; 75	CAPON FERNANDEZ MARIA CARMEN	AVDA. DA CORUÑA, 65-1, 4º - 27003 LUGO
29	CARECCI RIOS CASILDA FERNANDEZ CARECCI GENOVEVA	RÚA MONFORTE, 9 - 1º A - 27003 LUGO

	FERNANDEZ CARECCI JOSE LUIS	
90	DIAZ GOMEZ JOSEFA	MANUEL MONTSUAR, 16-1, 2º C - 25005 LLEIDA
124	FERNANDEZ GONZALEZ MANUEL	PONTE NEIRA, 21 (SAN MIGUEL) 27696 BARALLA
36; 24; 69; 78; 9; 14-1	GOMEZ RAMOS MARIA OLGA	A FACHITA, 7 - 27680 BARALLA
127	LOMBARDIA PRIETO JUAN ANTONIO PRIETO PEREIRA PILAR	RONDA DO CARMÉ, 53 - 3ª A - 27004 LUGO
88	LOPEZ CAL EDUARDO CAMILO LÓPEZ CAL MARTA MARÍA INÉS	RONDA DAS FONTIÑAS, 96 - 6º G - 27002 LUGO
8	MARRONDO MONTERO MARIA CARMEN	CASTELAO, 40 - 5º I - 27001 LUGO
11; 17	MARTINEZ GOMEZ DOLORES MARTINEZ GOMEZ JOSE ANTONIO	QUERO, 55-1 - 5º IZQ. - 28024 MADRID
51; 23; 27	MENDEZ ARIAS MARIA MENDEZ ARIAS MARIA DEL CARMEN MENDEZ ARIAS MARIA LUISA MENDEZ ARIAS SENEN MANUEL	RÚA MERCED, 75 - 3º C - 15009 A CORUÑA
14	MENDEZ LOPEZ OLIVIER MENDEZ LOPEZ SEBASTIAN MENDEZ VILLARES MANUEL	CAMPO DA FEIRA, 11 - 27640 BECERREÁ
54; 114	MENDEZ RODRIGUEZ MARIA DEL PILAR	LAXES, 4 - 27680 BARALLA
70; 73	RESCO FERNANDEZ ESTRELLA CONSUELO	C/ DONOSO CORTÉS, 29 - 1º 5 - 28015 MADRID
22; 63; 64	RODRIGUEZ SANTIN LUIS	A FACHITA, 11 - 27680 BARALLA
47	VAZQUEZ MARTINEZ EMILIO	CM GROBOS, 361 - 27680 BARALLA

R. 0893

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL A BAIUCA, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000 - 18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA

Termo municipal: FRIOL

Clave: LU/16/075.10.01

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 25 de abril de 2023

Lugo, 22 de marzo de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez

Expediente: X1797

Término municipal de:	FRIOL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Adaptación da estrada LU-231. Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao plan de baixa imd mellorada. _Treito 0+000-9+400

Clave:	LU-16-075-10-1
--------	----------------

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
1	VIZCAINO RIO, JOSE MANUEL	LG. A PORTELA, 5 - NARLA. 27226 FRIOL (LUGO)
21	JOSE MANUEL LOPEZ PRIETO MARTA LOPEZ PRIETO MANUELA PRIETO BERMUDEZ	C/ CABAÑAS, 64, 1º - 15320 AS PONTES (A CORUÑA)
161; 160; 162; 166; 168; 159	MONTE COMUNAL DE CONDES (SAN MARTIÑO)	CASTRO, SN - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
76	MORENO PENAS GONZALO MORENO PENAS MARIA CARMEN PENAS SANJURJO MARIA CARMEN	MACEDO, 2 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
3	MORENO RODRIGUEZ ANTONIO (HEREDEROS DE)	
102	MORENO SIEIRO FIDEL	AVDA. DA CORUÑA, 187 - 2º IZQ. 27003 LUGO
182; 169; 177; 173; 170	MVMC DE SAN CIBRAO DA PREGACION EXP 87/80	
32	MVMC DO MONTE Y 2 EXP 26/76	AS PARDELLAS, 3-CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
37	NAVARRETE SANTOS ALICIA SANTOS FOLGUEIRA JOSE MANUEL SANTOS PRADO MARIA ISABEL	
23	NUÑEZ COBAS JESUS EDUARDO	RÚA DOS CASTELOS, 8 - 27220 FRIOL (LUGO)
18	NUÑEZ COBAS MARIA TERESA	CASTELO. 27220 FRIOL (LUGO)
174	ODAMS DE ZYLVA ALAN MARTIN ODAMS DE ZYLVA JUSTIN ANTHONY	
36	PENAS BOTANA JOSE RAMON	AS PARDELLAS - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
38	RODRIGUEZ CARBALLO IRENE ABELEDRO RODRIGUEZ JAVIER BENIGNO ABELEDRO SEREN JOSE ANTONIO	RÚA CONCELLO, 6 - 3º C. 27003 LUGO
153; 132; 133; 139; 144; 140	RODRIGUEZ COBAS ANGELINES	XUL, 6 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
192	VILARIÑO MONTEAGUDO JOSEFA VILARIÑO MONTEAGUDO RAUL	

R. 0901

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCION TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	4º-TRIMESTRE-2022	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 14 de marzo de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 30/03/2023 e finalizará o día 30/05/2023, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	4º-trimestre-2022	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravién o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 14 de marzo de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez

R. 0762

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACION PÚBLICA

Conforme ao disposto no art. 32.3 do R.D.L. 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese a información pública por espazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación no B.O.P. deste anuncio, o expediente completo no que se inclúe o seguinte Plan de Cooperación:

1. **PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.**
2. **ACLARACIÓN/CORRECCIÓN DA BASE 15.1** das bases aprobadas polo Pleno en sesión de data 27/12/2022 e publicadas no BOP nº 6 de data 09/01/2023, relativa a data límite para presentar a xustificación dos investimentos financiados con cargo a remanentes, **establecendo como data límite o 15/11/2024** e non o 31/10/2024 como figura na indicada base, coincidindo coa data límite para presentar a xustificación dos investimentos inicialmente incluídos.

Lugo, 28 de marzo de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0912

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 29 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por resolución da presidencia de 17.03.2023, apróbase a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas, composición do Tribunal e data de constitución e proba de galego do procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo na Deputación de Lugo en tres (3) prazas denominadas axente emprego e desenvolvemento local, cota xeral, incluídas na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre, publicándose no BOP núm. 066, do 21.03.2023 e no taboleiro de anuncios e páxina web da entidade do mesmo día.

Dentro do prazo de alegacións á listaxe provisional de persoas admitidas, que remataba o martes día 28.03.2023 (Base Xeral 6.1.1), preséntase alegación por Don Jesús Francisco Corredoira Ceide o día 22.03.2023, con número de rexistro de entrada 2023RT004126, por aparecer na listaxe provisional de persoas admitidas como Jesús Francisco Correira Ceide en lugar de Jesús Francisco Corredoira Ceide. Comprobada a documentación achegada polo solicitante e detectado que efectivamente se produciu un erro material no apelido do interesado, procede estimar a dita alegación modificando o apelido.

En base ao anteriormente exposto e vista a base xeral 6.2, proponse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, RESOLVA:

1º.- Admitir a alegación formulada de xeito que, onde di Jesús Francisco Correira Ceide debe dicir Jesús Francisco Corredoira Ceide.

2º.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	ABELLEIRA FERNÁNDEZ, Mª DE PUY	***1241**
2	ÁLVAREZ PÉREZ, MARIO	***3508**
3	ÁLVAREZ SALGADO, MARÍA ELVIRA	***8433**

4	CAMPOS CASARES, MERCEDES	***1973**
5	CASTRO LODEIRO, FERNANDO	***2694**
6	CASTRO PICO, BEATRIZ	***9471**
7	CORDEIRO MAAÑÓN, ALEJANDRA	***1578**
8	CORREDOIRA CEIDE, JESÚS FRANCISCO	***1574**
9	CRUZ GARCÍA, ISOLINA	***3881**
10	FELPETO LAMAS, JOSÉ ÁNGEL	***1953**
11	FLORES LAMAS, ENRIQUE	***4091**
12	HERRÁN CALVO, ALBERTO	***3862**
13	HOPELMAN SANTANA, ENGELS	***8706**
14	MÉNDEZ ENRÍQUEZ, ANA MARÍA	***3686**
15	NÚÑEZ POL, JOSÉ MANUEL	***7767**
16	REJES CANOURA, ISABEL	***9463**
17	RIVAS POZO, MARÍA CARMEN	***2509**
18	SEOANE PÉREZ, BEATRIZ ERMITAS	***7982**
19	VILELA GÓMEZ, VANESA	***3947**

3º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes a partir do día seguinte o da publicación desta resolución no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende o día seguinte á citada publicación sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 30 de marzo de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, P.S. A xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 0939

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 29 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A XESTIÓN (POSTO TÉCNICO/A DE XESTIÓN - TALLER ACCIÓNS FORMATIVAS ENTRADA), INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por resolución da presidencia de 17.03.2023, apróbase a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas, composición do Tribunal e data de constitución e proba de galego, do procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada técnico/a

xestión (posto técnico/a de xestión – taller accións formativas entrada), cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre. publicándose no BOP núm. 066, do 21.03.2023.

Dona Rosa Abelleira Fernández, nomeada vogal do Tribunal cualificador do dito procedemento selectivo, solicita, mediante escrito de data 28.03.2023, non participar no proceso selectivo por ter causa de abstención prevista no art.23.2 da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

En base ao anteriormente exposto débese acceder ao solicitado e, conforme ao sinalado na base xeral 7.3 que literalmente sinala: "A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior", propoñer á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, **RESOLVA:**

1º.- Admitir a solicitude de abstención formulada pola vogal dona Rosa Abelleira Fernández, perdendo así a súa condición de vogal titular do procedemento selectivo.

2º.- Nomear como vogal titular substituta a dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo e como vogal suplente a dona María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

3º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes a partir do día seguinte o da publicación desta resolución no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende o día seguinte á citada publicación sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 30 de marzo de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, P.S. A xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 0940

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Que pola xunta de goberno celebrada o día 22 de marzo , ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de febreiro de 2023 , e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 22 de marzo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0894

QUIROGA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 17 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

1º.- A aprobación do padrón de auga, sumidoiro, lixo e ecotaxa correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2023.

2º.- A exposición pública polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no BOP e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

3º.- Poñer ao cobro no termo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación realizase entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación realizase entre os días 16 e o último de cada mes dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior, se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasarase a recadación executiva co seguinte recargo de apremo e demais costas derivados da execución forzosa.

4º.- A falta do pago no período voluntario indicado suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía executiva da Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

5º.- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 17 de marzo 2023.- O alcalde-presidente, Julio Álvarez Núñez.

R. 0895

SAMOS

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA

O Pleno Municipal en sesión ordinaria de data 02/12/2022, aprobou inicialmente á modificación do Regulamento das vivendas comunitarias I e II do Concello de Samos (Lugo), una vez transcorrido o prazo de trinta días hábiles, sen que se producisen reclamacións, se publica o texto íntegro da modificación, para público coñecemento .

Modificación Regulamento das vivendas comunitarias do concello de Samos

Se modifica o “Regulamento de Funcionamento das vivendas comunitarias I e II do Concello de Samos”, en concreto o seu artigo 4º, eliminando a reserva de prazas que está establecida para situación de emerxencia , nos seguintes termos:

Donde dí:

“

CAPITULO 3: CONDICIÓN DE INGRESO

Artigo 4º.- Condicións para o ingreso dos usuari@s.

Poderán adquiri-la condición de residentes da vivenda comunitaria aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter alcanzada a idade de 65 anos. En casos excepcionais poderán acceder á vivenda persoas maiores de 60 anos, que pola súa situación persoal ou social necesiten de estos centros. Esta excepción debe estar claramente xustificada e estimada a través dun informe polos servizos sociais do Concello.

2. Ter un bó estado de saúde físico e psíquico para poder realiza-las actividades da vida diaria de maneira independente.

3. Ter unha boa personalidade con aptitudes que favorezan unha convivencia estable.

4. Ter problemas de convivencia que non poidan resolverse no medio familiar ou de calquera outro tipo, que con esta alternativa, se poida dar resposta ao mesmo, neste suposto no se terá en conta o apartado 1 anterior.

O número de usuarios deste servizo público de vivenda comunitaria é de nove persoas, cada vivenda, estando distribuídas en tres habitacións dobles e tres individuais, e unha praza de cada vivenda comunitaria estará sempre libre reservada ante posibles situacións de emerxencia.

En caso de que o número de solicitantes que cumpran os requisitos de acceso ao servizo previstos no presente Regulamento sexa superior ao número de prazas existentes, 7 prazas serán, no seu caso, para aqueles solicitantes que certifiquen no momento de presentar a solicitude estar empadronados no Concello de Samos cunha antigüidade mínima de dous anos. De non existir solicitudes favorables nun número equivalente a este 7,

as prazas poderán ser atribuídas aos restantes solicitantes que cumpran os requisitos de acceso ata a cobertura da totalidade das prazas.

No caso de existencia de praza, daráse de alta ao /á usuario/a no servizo dacordo coas normas e organización que rexen no mesmo, establecidas neste Regulamento, e para o caso de non existencia de praza inmediata pasará a formar parte dunha lista de agarda que se establecerá en función da demanda do servizo, o crédito orzamentario do que se dispoña e seguindo o criterio de maior puntuación no baremo. A tales efectos e, no seu caso, existirán dúas listas de agarda: unha para a xente empadronada no Concello de Samos cunha antigüidade mínima de dous anos, e outra para os restantes solicitantes que reúnan os requisitos de acceso previstos no presente Regulamento.

Pasaría a dicir:

“

CAPITULO 3: CONDICIÓN DE INGRESO

Artigo 4º.- Condicións para o ingreso dos usuari@s.

Poderán adquiri-la condición de residentes da vivenda comunitaria aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1. Ter alcanzada a idade de 65 anos. En casos excepcionais poderán acceder á vivenda persoas maiores de 60 anos, que pola súa situación persoal ou social necesiten de estos centros. Esta excepción debe estar claramente xustificada e estimada a través dun informe polos servizos sociais do Concello.*
- 2. Ter un bó estado de saúde físico e psíquico para poder realiza-las actividades da vida diaria de maneira independente.*
- 3. Ter unha boa personalidade con aptitudes que favorezan unha convivencia estable.*
- 4. Ter problemas de convivencia que non poidan resolverse no medio familiar ou de calquera outro tipo, que con esta alternativa, se poida dar resposta ao mesmo, neste suposto no se terá en conta o apartado 1 anterior.*

O número de usuarios deste servizo público de vivenda comunitaria é de nove persoas, cada vivenda, estando distribuídas en tres habitacións dobles e tres individuais.

En caso de que o número de solicitantes que cumpran os requisitos de acceso ao servizo previstos no presente Regulamento sexa superior ao número de prazas existentes, 9 prazas serán, no seu caso, para aqueles solicitantes que certifiquen no momento de presentar a solicitude estar empadronados no Concello de Samos cunha antigüidade mínima de dous anos. De non existir solicitudes favorables nun número equivalente a este 9, as prazas poderán ser atribuídas aos restantes solicitantes que cumpran os requisitos de acceso ata a cobertura da totalidade das prazas.

No caso de existencia de praza, daráse de alta ao /á usuario/a no servizo dacordo coas normas e organización que rexen no mesmo, establecidas neste Regulamento, e para o caso de non existencia de praza inmediata pasará a formar parte dunha lista de agarda que se establecerá en función da demanda do servizo, o crédito orzamentario do que se dispoña e seguindo o criterio de maior puntuación no baremo. A tales efectos e, no seu caso, existirán dúas listas de agarda: unha para a xente empadronada no Concello de Samos cunha antigüidade mínima de dous anos, e outra para os restantes solicitantes que reúnan os requisitos de acceso previstos no presente Regulamento.

- **Artigo 5º.-** Relativo á documentación a presentar eliminando á necesidade de presentar o certificado de convivencia e o de patrimonio :

Dónde dí :

Art. 5º.- Documentación a presentar.

1. Presentación da solicitude normalizada no rexistro xeral de entradas do Concello, por petición da persoa interesada ou do seu representante legal.

2. Presenta-la documentación que a continuación se relaciona:

- D.N.I.
- Certificado da pensión que percibe.
- Cartilla sanitaria.
- Declaración xurada dos bens que téñ.
- Última declaración da renda ou certificado expedido pola delegación de facenda.
- Declaración de acata-lo regulamento de funcionamento.
- Recoñecemento médico-Certificado médico.
- Certificado de empadramento no que figure a antigüidade do mesmo e de convivencia.

- Informe médico.
- Certificación acreditativa do patrimonio do solicitante emitido pola administración competente na materia.
- Compromiso escrito sinalando a un parente por consanguinidade ou afinidade dentro do terceiro grado, que se fará cargo dos gastos que ocasione o usuario/a en caso de falecemento do mesmo, e no seu defecto, póliza do seguro de decesos .
- Valoración da súa autonomía ou dependencia leve/moderada Grado I

Pasa a dicir :

Art. 5º.- Documentación a presentar.

1. Presentación da solicitude normalizada no rexistro xeral de entradas do Concello, por petición da persoa interesada ou do seu representante legal.

2. Presenta-la documentación que a continuación se relaciona:

- D.N.I.
- Certificado da pensión que percibe.
- Cartilla sanitaria.
- Declaración xurada dos bens que tén.
- Última declaración da renda ou certificado expedido pola delegación de facenda.
- Declaración de acata-lo regulamento de funcionamento.
- Recoñecemento médico-Certificado médico.
- Certificado de empadramento no que figure a antigüidade do mesmo
- Informe médico.
- Compromiso escrito sinalando a un parente por consanguinidade ou afinidade dentro do terceiro grado, o en su defecto da persoa que se fará cargo dos gastos que ocasione o usuario/a en caso de falecemento do mesmo, e no seu defecto, póliza do seguro de decesos .
- Valoración da súa autonomía ou dependencia leve/moderada Grado I

Artigo 22º.-

Donde dí :

Artigo 22º.- Falecementos.

O/a usuario/a da Vivenda Comunitaria deberá presentar xunto coa documentación que se relaciona no artigo 6 do presente regulamento, un compromiso escrito e asinado, sinalando a a un parente por consanguinidade ou afinidade dentro do terceiro grado que se fará cargo en caso de falecemento do/a usuario/a da Vivenda Comunitaria.

Pasa a dicir :

Artigo 22º.- Falecementos.

O/a usuario/a da Vivenda Comunitaria deberá presentar xunto coa documentación que se relaciona no artigo 6 do presente regulamento, un compromiso escrito e asinado, sinalando a a un parente por consanguinidade ou afinidade dentro do terceiro grado, o en su defecto unha persoa que se fará cargo en caso de falecemento do/a usuario/a da Vivenda Comunitaria.

Samos, 22 de marzo de 2023.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0896

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA

O Pleno Municipal en sesión ordinaria de data 02/12/2022, aprobou inicialmente á modificación do Regulamento de funcionamento do apartamento tutelado do Concello de Samos (Lugo), una vez transcorrido o prazo de trinta días hábiles, sen que se producisen reclamacións, se publica o texto íntegro da modificación, para público coñecemento .

Modificación do Regulamento do apartamento tutelado do Concello de Samos

Se modifica o “Regulamento de Funcionamento do Apartamento Tutelado para persoas con discapacidade do Concello de Samos”, en concreto o seu artigo 2º, nos seguintes termos:

Donde dí:

CAPÍTULO 4: TRAMITACION DAS SOLICITUDES.**Art. 5º.- Documentación a presentar.**

1. *Presentación da solicitude normalizada no rexistro xeral de entradas do Concello, por petición da persoa interesada ou do seu representante legal.*

2. *Presenta-la documentación que a continuación se relaciona:*

- *D.N.I.*
- *Certificado da pensión que percibe.*
- *Cartilla sanitaria.*
- *Declaración xurada dos bens que tén.*
- *Última declaración da renda ou certificado expedido pola delegación de facenda.*
- *Declaración de acata-lo regulamento de funcionamento.*
- *Recoñecemento médico-Certificado médico.*
- *Certificado de empadronamento no que figure a antigüidade do mesmo e de convivencia.*
- *Certificado do grao de discapacidade.*
- *Certificación acreditativa do patrimonio do solicitante emitido pola administración competente na materia.*
- *Sentencia de incapacitación xudicial co nome do titor ou representante legal (en caso de tela).*
- *Compromiso escrito sinalando un parente por consanguinidade ou afinidade dentro do terceiro grado que se fará cargo dos gastos que ocasione o usuario/a en caso de falecemento do mesmo, e no seu defecto, póliza do seguro de decesos .*

Pasa a dicir :

CAPÍTULO 4: TRAMITACION DAS SOLICITUDES.**Art. 5º.- Documentación a presentar.**

1. *Presentación da solicitude normalizada no rexistro xeral de entradas do Concello, por petición da persoa interesada ou do seu representante legal.*

2. *Presenta-la documentación que a continuación se relaciona:*

- *D.N.I.*
- *Certificado da pensión que percibe.*
- *Cartilla sanitaria.*
- *Declaración xurada dos bens que tén.*
- *Última declaración da renda ou certificado expedido pola delegación de facenda.*
- *Declaración de acata-lo regulamento de funcionamento.*
- *Recoñecemento médico-Certificado médico.*
- *Certificado de empadronamento no que figure a antigüidade do mesmo*
- *Certificado do grao de discapacidade.*
- *Sentencia de incapacitación xudicial co nome do titor ou representante legal (en caso de tela).*
- *Compromiso escrito sinalando un parente por consanguinidade ou afinidade dentro do terceiro grado, o no seu defecto unha persoa, que se fará cargo dos gastos que ocasione o usuario/a en caso de falecemento do mesmo, e no seu defecto, póliza do seguro de decesos .*

Donde dí :

- Artigo 20º.- Falecementos.

@ usuari@ do apartamento deberá presentar xunto coa documentación que se relaciona no artigo 5 do presente regulamento, Compromiso escrito sinalando un parente por consanguinidade ou afinidade dentro do terceiro

grado que se fará cargo dos gastos que ocasione o usuario/a en caso de falecemento do mesmo, e no seu defecto, póliza do seguro de decesos .

Pasa a dicir :

- Artigo 20º.- Falecementos.

@ usuari@ do apartamento deberá presentar xunto coa documentación que se relaciona no artigo 5 do presente regulamento, Compromiso escrito sinalando un parente por consanguinidade ou afinidade dentro do terceiro grado, ou no seu defecto unha persoa que se fará cargo dos gastos que ocasione o usuario/a en caso de falecemento do mesmo, e no seu defecto, póliza do seguro de decesos .

Samos, 22 de marzo de 2023.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0897

TABOADA

Anuncio

Acordado Pleno de data 27.03.2023 polo que se aprobaDEFINITIVAMENTE O PROXECTO DE TERMINACIÓN DA URBANIZACIÓN, ELECTRIFICACIÓN E ILUMINACIÓN PÚBLICA DO PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA redactado en data 30 de marzo de 2022 polo arquitecto Don Roque Álvarez Arosacolexiado nº 3547 do COAG.

O que se publica para xeralcoñecemento.

Taboada, 27 de marzo de 2023.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0899